

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS: AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS.

Asistentes:

Presidente: Pablo Lago Sanmartín, alcalde.

Vogais:

-. Javier Nieves González, secretario.

-. Ana Isabel Candame Areosa, interventora.

-. M^a Dolores Torrado Ares, técnica de administración local.

Secretario: Julio Mallo Nieto, informático municipal.

Na Casa do Concello de Brión sendo ás 14,00 horas do día 02.05.2024, réunese a Mesa de Contratación designada para a contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras referenciadas.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 17.04.2024 a Alcaldía aprobou a clasificación de ofertas e requirimento de documentación á empresa clasificada en primeiro lugar CRECHE CONCEPT INVEST S.L.

Dito acordo foi notificado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o 18.04.2024 á empresa clasificada en primeiro lugar.

Con data 29.04.2024 a empresa clasificada en primeiro lugar, CRECHE CONCEPT INVEST S.L.

presenta en prazo a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP) a seguinte documentación:

-. Certificado de inscrición no ROLECE.

-. Certificado de seguro de R.C.PYME, de Allianz Seguros Póliza nº: 55111759.

-. Escritura publica de compravenda de participacións e acordos sociais (cese e nomeamento de administrador único e traslado de domicilio social). Protocolo 1702, de data 30.11.2022, onde consta como constituída a empresa o 24 de abril de 2019.

-. Declaración responsable de que se dispón efectivamente de todos os medios adscritos á execución obra, tanto materiais como persoais, necesarios para a correcta execución do contrato e que xustifica os seguintes medios técnicos con experiencia demostrable de máis de dez anos de traxectoria: Encargado: D. Manuel Reyes Ramírez. Arquitecto técnico: Manuel Alcalá-Zamora Bueno técnico en prevención de riscos laborais e encargado do control de calidade.

-. Solicitud de que por falta de tempo necesario para a formalización dunha liña de avais coa aseguradora ORES y BRYAN, debido a que é unha empresa de nova creación, lle sexa practicada retención no prezo do contrato, como medio de constitución da garantía definitiva, ata o importe total do 5% sobre o prezo de adxudicación na primeira factura ou, no caso de non ascender esta á contía suficiente, nas seguintes.

A Mesa de Contratación analizada a documentación presentada, considera que non cumpre cos requisitos necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

1º) Propoñer ao órgano de contratación a desestimación da solicitude do interesado para a constitución da garantía definitiva mediante retención no prezo, posto que consonte co establecido no art. 108 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, esta posibilidade só se admite cando así se prevexa nos pregos de cláusulas administrativas particulares, debendo o prego de cláusulas administrativas particulares fixar a forma e condicións da retención, e como toda vez que nos pregos non figura nin a forma nin as condicións da retención, non pode admitirse.

2º) Que se conceda ao interesado un trámite de subsanación para que no prazo de tres días hábiles a contar desde o día seguinte ao envío do requirimento, presente a garantía definitiva polo 5% do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, polo importe de: 22.000,00 euros, por calquera dos medios a que se refire o art. 108.1 apartados a), b) ou c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Se formulase a garantía definitiva a través de Aval Bancario, poderá presentar a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, unha copia de dito aval, debendo entregar o aval orixinal na Tesourería municipal dentro do prazo para presentar a documentación.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato, procedéndose a solicitar a documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedaron clasificadas as empresas.

Non formulándose reclamación de ningún tipo, esténdese a presente acta que logo da súa lectura, asina a Mesa de Contratación en proba de conformidade, do que como secretario, certifico.